



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:
P-1502100*

ACTA NÚM. 1/2024 do comité encargada de facer o reconto das papeletas do CONCURSO DE TAPAS “Tapeando Carral”

En Carral, sendo as 13:00 horas do día 13 de decembro de 2024, reúnese a comisión encargada de facer o reconto e comprobación das papeletas do citado concurso integrado polos asistentes que se indican e coa seguinte orde do día que se sinala:

Asistentes:

- D^a Rocio Rabuñal Bouzas, concelleira do Concello de Carral-Presidenta
- D^a Inmaculada Mantiñán Insua concelleira do Concello de Carral-vogal
- D^a Beatriz Cabanas Lozano, técnica de educación do Concello de Carral-vogal
- D^a María Carmen Vázquez Juncal, AEDL-secretaria

Orde do día:

Punto primeiro: Aclaración de puntos das bases:

O comité por unanimidade dos seus membros presentes na sesión, acorda que:

- O número mínimo de selos que ten que debe ter unha papeleta para poder formar parte do xurado popular é de 5 selos de distintos establecementos. Tendo en conta que o 50% dos selos son 5, o 75% son 8 e o 100% son 10.
- Reiterar que a cervecería “Boca Grande” é descalificada por incumprir o regulamento das bases .
- No caso de ser premiado un menor, terá que ser un maior responsable (pais ou titores legais) o encargado de recibir o premio.

Punto segundo: Apertura das urnas.

Comprobábase que están debidamente precintadas, e procedese a súa apertura.

Punto terceiro: Premio ao público

Para outorgar os premios ao público séguese o seguinte procedemento:

- Recóllense todos os cupóns das urnas e clasifícanse segundo o número de selos de cara a participar no primeiro, segundo ou terceiro premio.
- Faise o reconto do número de papeletas e temos o seguinte:
 - Con 5,6 e 7 selos cóntanse 142 papeletas.
 - Con 8 e 9 selos , cóntanse 61 papeletas
 - Con 10 selos cóntanse 98 papeletas.
 - Papeletas nulas 23



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:
P-1502100*

Total: 324 papeletas

Unha persoa do público asistente saca as papeletas de cada urna resultando gañadores os seguintes:

*Primeiro premio para: ANTONIO TORREIRO RODRÍGUEZ
Segundo premio: LARA VEIGA BLANCO
Terceiro premio: FÁTIMA BARBEITO CAMBEIRO*

“Este resultado será publicado na web, no facebook e no taboleiro de anuncios do Concello e en novas Carral. Os premiados serán avisados telefonicamente no número de contacto que faciliten no cupón de voto cuberto ao efecto e terán como máximo un prazo de dous días hábiles para aceptar o premio.

Igualmente, no mesmo acto, tamén se extraeran outros tres cupóns de voto, un por cada premio, que serán os gañadores suplentes para o caso de non obter resposta dos gañadores anteriores seleccionados. Cos gañadores suplentes seguirase o mesmo método de comunicación e aceptación que cos gañadores titulares”.

Os suplentes son:.

*Suplente Primeiro premio para: MIGUEL ANGEL LONGUEIRA FEAL
Suplente Segundo premio: CAROLINA MOSQUERA CAAMAÑO
Suplente Terceiro premio: IRENE FREIRE LUACES*

Punto cuarto: Premio a tapa máis popular.

Para outorgar os premios a tapa máis popular séguese o seguinte procedemento:

“Primeiro.- habilitarase unha urna por establecemento participante no concurso Tapeando Carral

Segundo.- reuniranse todos os cupóns de voto e procederase a incluír cada cupón de voto na urna do establecemento propietario da tapa marcada como a tapa máis popular.

- Terceiro.- por último procederase ao recuento dos cupóns de voto existentes en cada urna. A urna que máis cupóns de voto teña será o establecemento gañador da tapa máis popular do concurso Tapeando Carral”

Comprobouse que todas as papeletas sexan correctas e deste feito resultan eliminadas 23 papeletas por incumprir o número mínimo de 5 selos distintos, que se consideran precisos para poder participar nas votacións como xurado popular.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

P-1502100

Unha vez feito o reconto dos votos obtidos por cada establecemento arroxase o seguinte resultado:

ESTABLECEMENTO	NOME DA TAPA	Nº DE VOTOS
Terra	Velo de volandeira do "pacífico"	90
Costa da Egoa	Bocado de outono	19
Do Pincho	O bebedeiro sen fin	67
A Parola	Freixó do Paraiso	2
A Taberna XXI	Arepas recheas de rixóns	15
Pizzeria Centro	Os petiscos de Maria	19
Bar Tropezón	Filloa rechea	59
O Lareiras	Chistorrada	3
Bar Adolfo	Albóndigas de Lourdes	19
Boca Grande	Deliciosas	7
Papeletas anuladas		23
Total		318

Resultando gañador polo xurado popular a tapa "Velo de volandeira do "pacífico"" con 90 votos.

Seis papeletas cumpren os requisitos para participar no sorteo de premios ao público aínda que non fan voto a ningunha tapa.

Total papeletas $318+6= 324$

Punto quinto: procedese a lectura dos resultados do xurado profesional, que é o seguinte:

ESTABLECEMENTO	NOME DA TAPA	Nº DE VOTOS
Terra	Velo de volandeira do "pacífico"	78
Costa da Egoa	Bocado de outono	64
Do Pincho	O bebedeiro sen fin	74
A Parola	Freixó do Paraiso	56
A Taberna XXI	Arepas recheas de rixóns	69
Pizzeria Centro	Os petiscos de Maria	61
Bar Tropezón	Filloa rechea	72
O Lareiras	Chistorrada	46
Bar Adolfo	Albóndigas de Lourdes	58
O Boca Grande	As deliciosas	Descalificado



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:
P-1502100*

Rematado o acto, sendo as 14 horas e 30 minutos do día indicado no encabezamento, exténdese a presente acta que se asina por triplicado exemplar.

Rocio Rabuñal Bouzas

Inmaculada Mantiñan Bouzas

Beatriz Cabanas Lozano

M^a Carmen Vázquez Juncal